

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**17988** *Lei orgánica 5/2018, do 28 de decembro, de reforma da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, sobre medidas urxentes en aplicación do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

#### **Medidas do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero**

O Informe para un pacto en materia de violencia de xénero, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados o día 28 de setembro de 2017, así como o Informe da comisión de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero, aprobado polo Pleno do Senado do 13 de setembro de 2017, e posteriormente suscrito o día 27 de decembro por comunidades autónomas, concellos, Consello Xeral do Poder Xudicial, sindicatos e organizacións da sociedade civil, todos eles axentes esenciais no desenvolvemento do pacto, acordou avanzar cara a unha efectiva formación e especialización en violencia de xénero dos profesionais que traballan este ámbito, por ser un elemento clave para unha adecuada resposta xudicial. Dentro do número 5, dedicado ao impulso da formación que garanta a mellor resposta asistencial, inclúe medidas dirixidas a afondar na formación dos membros das carreiras xudicial e fiscal. En concreto, a medida número 159 insta a unha formación especializada máis ampla nas ditas materias tanto dos xulgados especializados en violencia de xénero, como tamén dos xuíces e xuízas de familia e de menores. A medida número 160 contén un mandato de aumento da capacitación xudicial en «dereito antidiscriminatorio, incluíndo a perspectiva de xénero e a transversalidade, nas oposicións a xudicatura e á Escola Xudicial e formación continua anual impartida polo Consello Xeral do Poder Xudicial, pasando esta materia a ser obrigatoria e avaliable». Así mesmo, obriga a unha reforma legal para introducir probas específicas en violencia de xénero, como requisito para concursar a órganos xudiciais especializados.

II

#### **Da inclusión de materias específicas nas probas de selección e da formación especializada na Escola Xudicial e a formación continua das carreiras xudicial e fiscal**

O Consello Xeral do Poder Xudicial posúe as competencias en materia de selección, formación e perfeccionamento, provisión de destinos, ascensos, situacións administrativas e réxime disciplinario de xuíces e maxistrados. O tempo transcorrido desde a aprobación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva de mulleres e homes, revela a necesidade de mellorar a formación e adquisición de

coñecementos en materia de principio de non discriminación por parte dos membros das carreiras xudicial e fiscal. Esta materia comprende, entre outras, o estudo e a formación no principio de igualdade entre mulleres e homes, incluíndo as medidas contra a violencia sobre a muller e a súa aplicación con carácter transversal no ámbito da función xurisdiccional, así como a perspectiva de xénero na interpretación e aplicación das normas. A elas refírense os artigos 310 e 433 bis da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, tras a súa redacción pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, cando regulan a formación inicial e a continua. O artigo 310 da Lei orgánica do poder xudicial dispón que todas as probas selectivas para o ingreso e a promoción nas carreiras xudicial e fiscal recollerán o estudo do principio de igualdade entre mulleres e homes, incluíndo as medidas contra a violencia de xénero e a súa aplicación con carácter transversal no ámbito da función xurisdiccional. Co obxectivo de cumprir os obxectivos dunha formación específica e permanente, considérase necesario que se garanta a adquisición de coñecementos nas ditas materias e se ofrezca capacitación para a interpretación e aplicación das normas co criterio de igualdade de trato, non discriminación de mulleres e homes e perspectiva de xénero, tanto na fase de oposición coma no curso teórico-práctico seguido na Escola Xudicial e na formación continua que se ofrece ás carreiras xudicial e fiscal.

## III

**Das probas de especialización para acceder a órganos xudiciais especializados en violencia sobre a muller**

Introdúcense probas selectivas de especialización en violencia sobre a muller. Trátase de previsións análogas ás que xa existen para as probas de especialización en mercantil ou en menores, con especificacións que garantan a adquisición de coñecementos multidisciplinares para a abordaxe da complexa temática e da realidade social en que se encadra a violencia contra a muller nas súas distintas formas. Corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial unha selección e preparación rigorosa dos xuíces e xuízas que aspiren a ocupar este tipo de órganos xurisdiccionais, para cuxo fin se deberá prever un sistema de especialización preferente e de calidade en que se deberán superar probas tendentes a acreditar un coñecemento específico da materia. Poderán participar os membros da carreira xudicial interesados na temática. Obterán o nomeamento de maxistrados ou maxistradas especialistas en violencia sobre a muller con preferencia na provisión de prazas reservadas a especialistas nesta materia.

## IV

**Impulsar a especialización dos xulgados do penal**

O Pacto de Estado acorda reforzar a especialización dos xulgados do penal, ben de maneira exclusiva, cando o volume de traballo o xustifique, ben de maneira compatible con outras materias. Esta medida, sen dúbida, contribúe a optimizar a resposta institucional, pois únese aos recursos persoais especializados doutras institucións como Fiscalía, Avogacía, Instituto de Medicina Legal e unidades integrais de valoración forense. Os xulgados do penal axuizan a maior porcentaxe dos delitos recollidos na Lei orgánica 1/2004. O artigo 89 bis.2 da Lei orgánica do poder xudicial dispón que «deberán especializarse un ou varios xulgados en cada provincia, de conformidade co previsto no artigo 98 da presente lei». Esta disposición non se desenvolveu na súa totalidade. Na actualidade, dos 345 xulgados do penal existentes só vinte e seis se encontran especializados. A sobrecarga de traballo da maioría dos xulgados do penal, xunto coa ausencia de creación de novas dotacións xudiciais nos últimos anos, explica en boa parte a paralización do proceso de especialización dos xulgados do penal.

V

**Contido da lei**

Esta lei orgánica ten por obxecto dar cumprimento ás medidas citadas, mediante unha reforma urxente e parcial da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícase a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, nos termos seguintes:

Un. Engádesse un novo número 3 ao artigo 87, coa seguinte redacción:

«3. Os procedementos de revisión de medidas por modificación de circunstancias poderán ser tramitados polo xuíz ou xuíza inicialmente competente.»

Dous. Engádesse un novo número 6 ao artigo 87 ter, coa seguinte redacción:

«6. O Consello Xeral do Poder Xudicial deberá estudar, no ámbito das súas competencias, a necesidade ou carencia de dependencias que impidan a confrontación da vítima e do agresor durante o proceso, así como impulsar, de ser o caso, a súa creación, en colaboración co Ministerio de Xustiza e coas comunidades autónomas competentes. Procurarase que estas mesmas dependencias sexan utilizadas nos casos de agresións sexuais e de trata de persoas con fins de explotación sexual. En todo caso, estas dependencias deberán ser plenamente accesibles, condición de obrigado cumprimento dos contornos, produtos e servizos co fin de que sexan comprensibles, utilizables e practicables por todas as mulleres e menores vítimas sen excepción.»

Tres. Engádesse un novo artigo 87 quáter, coa seguinte redacción:

«Artigo 87 quáter.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial encomendará ao Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero a avaliación dos datos provenientes dos xulgados de violencia sobre a muller, así como daqueles asuntos relacionados con esta materia en xulgados non específicos.

2. Elaborarase anualmente un informe sobre os datos relativos a violencia de xénero e violencia sexual, que será publicado e remitido á Comisión de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero do Congreso dos Deputados, así como á Comisión especial de seguimento e avaliación dos acordos do informe do Senado sobre as estratexias contra a violencia de xénero aprobadas no marco do Pacto de Estado.

3. A información mencionada no punto anterior incorporarase á memoria anual do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4. A información estatística obtida en aplicación deste artigo deberase poder desagregar cun indicador de discapacidade das vítimas.

Igualmente, permitirá establecer un rexistro estatístico dos menores vítimas de violencia de xénero, que permita tamén a desagregación con indicador de discapacidade.»

Catro. Engádesse un parágrafo segundo ao número 2 do artigo 307, coa seguinte redacción:

«Na fase teórica de formación multidisciplinar incluírase o estudo en profundidade das materias que integran o principio de non discriminación e a igualdade entre homes e mulleres e, en particular, da lexislación especial para a loita contra a violencia sobre a muller en todas as súas formas.»

Cinco. No artigo 310 modifícase a redacción do actual parágrafo único e engádese un parágrafo segundo novo, coa seguinte redacción:

«Todas as probas selectivas para o ingreso e a promoción nas carreiras xudicial e fiscal incluírán o estudo do principio de igualdade entre mulleres e homes, as medidas en materia de violencia sobre a muller e a súa aplicación con carácter transversal no ámbito da función xurisdiccional.

O temario deberá garantir a adquisición de coñecementos sobre o principio de non discriminación e, especialmente, de igualdade entre mulleres e homes e, en particular, da normativa específica ditada para combater a violencia sobre a muller, incluíndo a da Unión Europea e a de tratados e instrumentos internacionais en materia de igualdade, discriminación e violencia contra as mulleres ratificados por España.»

Seis. O terceiro parágrafo do número 1, o número 2 e o número 6 do artigo 311 quedan redactados na forma seguinte:

«A terceira vacante proverase, entre xuíces, por medio de probas selectivas nas ordes xurisdiccionais civil e penal, e de especialización nas ordes contencioso-administrativa e social, e en materia mercantil e de violencia sobre a muller.»

«2. Para o ascenso por escalafón será necesario que prestasen tres anos de servizos efectivos como xuíces. Para presentarse ás probas selectivas ou de especialización bastará, no entanto, con dous anos de servizos efectivos, calquera que sexa a situación administrativa do candidato. Poderanse presentar tamén ás probas selectivas ou de especialización nas ordes contencioso-administrativa, social, civil e penal e nas materias mercantil e de violencia sobre a muller, os membros da carreira xudicial con categoría de maxistrado e, como forma de acceso á carreira xudicial, os da carreira fiscal; en ambos os casos será necesario ter prestado polo menos dous anos de servizos efectivos nas súas respectivas carreiras. Requiriráselles igual exigencia a aqueles que se presenten ás probas selectivas a que se refire o número 4 do artigo 329.»

«6. Quen, de acordo coas previsións do número 4, no sucesivo ingrese na carreira xudicial en concurso limitado conforme o número 3, non poderá ocupar prazas correspondentes a unha orde xurisdiccional ou a unha especialidade distinta, salvo que supere as probas selectivas ou de especialización previstas nesta lei en materia contencioso-administrativa, social, civil, mercantil, penal e de violencia sobre a muller.»

Sete. Os números 2, 3 e 4 do artigo 312 quedan redactados da seguinte forma:

«2. As probas de especialización nas ordes contencioso-administrativa e do social e en materia mercantil e de violencia sobre a muller tenderán, ademais, a apreciar, en particular, aqueles coñecementos que sexan propios de cada especialidade.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo 310, para acceder ás probas selectivas ou de especialización será preciso acreditar ter participado en actividades de formación continua con perspectiva de xénero.

4. As normas polas cales se deberán rexer estas probas, os exercicios e, de ser o caso, os programas serán aprobadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial.»

Oito. Suprímese o número 3 bis, modifícase o número 6 e engádese un novo número 7 no artigo 329, nos seguintes termos:

«6. Os membros da carreira xudicial que, destinados en xulgados do contencioso-administrativo, xulgados do social, xulgados do mercantil, xulgados de violencia sobre a muller ou xulgados de primeira instancia con competencias en materias mercantís, adquiran condición de especialista nas súas respectivas ordes poderán continuar no seu destino.»

«7. Os concursos para a provisión dos xulgados de violencia sobre a muller e xulgados do penal especializados en violencia sobre a muller resolveranse en favor de quen, acreditando a especialización nos asuntos propios dos ditos xulgados obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teña mellor posto no seu escalafón.

Na súa falta, cubriranse cos maxistrados que acrediten ter permanecido máis anos ocupando praza na orde xurisdiccional penal. Na falta destes, pola orde de antigüidade establecida no número 1. Os que obtivesen praza destas dúas últimas formas deberán participar, antes de tomaren posesión no seu novo destino, nas actividades específicas de formación que o Consello Xeral do Poder Xudicial estableza regulamentariamente.

No caso de que as vacantes tivesen que cubrirse por ascenso, o Consello Xeral do Poder Xudicial establecerá igualmente actividades específicas e obrigatorias de formación que deberán realizar, antes da toma de posesión dos ditos destinos, aqueles xuíces aos cales corresponda ascender.»

Nove. Modifícase o parágrafo segundo do número 4 e engádesse unha nova alínea e) no número 5 do artigo 330, nos termos seguintes:

«No caso de existiren as seccións de apelación a que se refire o artigo 73.6, unha delas coñecerá de maneira exclusiva das causas de violencia contra a muller nas súas diversas formas, e as prazas da dita sección cubriranse con maxistrados ou maxistradas que teñan a condición de especialistas en violencia sobre a muller. Na falta destes, os nomeamentos realizaranse conforme o establecido no número 5; os que obtivesen praza desta forma deberán participar, antes de tomaren posesión no seu novo destino, nas actividades específicas de formación que o Consello Xeral do Poder Xudicial estableza regulamentariamente.»

«e) Os concursos para a provisión de prazas de maxistrados ou maxistradas das seccións das audiencias provinciais que, en virtude do disposto no artigo 80.3, coñezan en segunda instancia e en exclusiva dos recursos interpostos contra todo tipo de resolucións ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller ou xulgados do penal especializados en violencia sobre a muller resolveranse a prol daqueles que, acreditando a especialización nos asuntos propios dos ditos xulgados obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto no seu escalafón. Na súa falta, a prol dos maxistrados ou maxistradas que acrediten ter permanecido máis tempo na orde xurisdiccional penal. Na falta destes, a prol dos maxistrados ou maxistradas que acrediten ter permanecido máis tempo en órganos mixtos.»

Dez. O número 5 do artigo 433 bis queda redactado da seguinte forma:

«5. O Plan de formación continuada da carreira xudicial conterá cursos específicos de natureza multidisciplinar sobre a tutela xudicial do principio de igualdade entre mulleres e homes, a discriminación por cuestión de sexo, a múltiple discriminación e a violencia exercida contra as mulleres, así como a trata en todas as súas formas e manifestacións e a capacitación na aplicación da perspectiva de xénero na interpretación e aplicación do dereito, ademais de incluír a dita formación de maneira transversal no resto de cursos.»

#### **Disposición adicional primeira.** *Revisión da planta xudicial.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei procederase á revisión da planta dos xulgados e tribunais, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas, para responder ás necesidades de implantación de xulgados do penal especializados en violencia sobre a muller, ben de maneira exclusiva naquelas localidades en que o exixa o volume de asuntos, ben de maneira compatible con outras materias.

**Disposición adicional segunda.** *Indicador de discapacidade na estatística sobre delitos de violencia sobre a muller.*

O Goberno adoptará as medidas necesarias, no ámbito da Comisión de Estatística Xudicial, para que os boletíns estatísticos elaborados en relación cos delitos de violencia sobre a muller inclúan o indicador de discapacidade.

**Disposición derradeira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN